



## PALESTINA NON DEBE ENTRAR NAS AULAS? A INFANCIA PERANTE A VIOLENCIA XENOCIDA

### A TRAXEDIA PERMANENTE

O pasado 7 de outubro de 2023, Palestina volveu a abrir os telexornais do mundo enteiro. En realidade, nada *comezou* aquel fatídico día, cando as nosas cabezas foron bombardeadas coa doutrina do shock. Máis ben marcou un pico brusco nun dilatado proceso que remonta uns 80 anos atrás, un calvario de expulsión e xenocidio, de devastación, expolio e ocupación colonial por parte de Israel das vidas, terras e infraestruturas palestinas. Ese día Hamás e outras forzas realizaron un asalto en territorio israelí, con impacto na poboación civil, amplamente criticado e criticable, só explicable polos máis de 77 anos de ocupación e de violencia contra o pobo palestino.<sup>1</sup> A *Nakba* non se esquece<sup>2</sup>. A cúpula de Hamás agora reconece certos erros nese contra-ataque<sup>3</sup>, á vez que reclama, por outra banda, un dereito protexido polo Artigo 51 do Capítulo VII da Carta das Nacións Unidas de 1945: o dereito á defensa propia<sup>4</sup>. Como adoitamos facer desde Nova Escola Galega (NEG), lanzamos este chamamento a explorar todas as alternativas –aínda sen analizar de xeito exhaustivo– á loita armada.

O que diferencia a actual reacción israelí ante este acto de resistencia de Hamás en concreto, fronte a outros anteriores, é a magnitude, a intensidade, a persistencia e, sobre todo, o carácter extremo, indiscriminado e desproporcionadamente destrutivo da resposta israelí. Os incesantes bombardeos, acompañados de disparos aleatorios, detencións con torturas, e –o peor– os massacres, xa non se dirixen exclusivamente a albos militares e a loitadores de combate de Gaza ou doutros territorios palestinos, senón á poboación civil enteira da Palestina: crianzas, mulleres e homes, persoas maiores e doentes, así como aos seus refuxios, recursos e servizos humanitarios esenciais. Por primeira vez, as vítimas transmiten en directo a súa morte, como persoas e como sociedade. E despois de máis de doce longos meses atacando o pobo gazatí, o goberno sionista de Israel non só se nega a parar esta sanguenta invasión senón que, no momento de escribir estas liñas, a está a profundar e ampliar con novos bombardeos en Cisjordania, Líbano, Siria e mesmo Irán, e co apoio armamentista e diplomático dos máximos gobernantes dos Estados Unidos e da Unión Europea. Parafraseando a Khalidun Almassri, Primeiro Secretario da Embaixada de Palestina en España, cada vídeo que observamos na pantalla do noso móbil de última xeración pensamos que é o máis horroroso que vimos nunca, pero ao día seguinte decatámonos que o horror acaba sendo aínda maior.<sup>5</sup>





Cumprido o ano desde outubro de 2023 da terrorífica ofensiva israelí, o seu exército xa está a dirixir os bombardeos a terceiros países, matando miles de persoas en varias localidades do sur do Líbano e en Beirut. Asasinaron Hasán Nasralla, líder espiritual e político iraní da formación política e militar palestina Hizbulá, con base en Cisjordania e Líbano. E así comezou o efecto dominó: a invasión provocou que un cuarto país, Irán (con capacidade nuclear) respondese con numerosos mísiles sobre terreo israelí, acto que foi respondido con bombardeos aéreos israelitas a bases militares iranís. Namentres, os aliados incondicionais de Israel, como Estados Unidos, ameazan á súa vez responder<sup>6</sup>. Xa soan as sirenas dunha guerra máis ampla en Oriente Próximo.

## ONDE XOGARÁN [E VIVIRÁN] AS CRIANZAS?

A abraiante sensación que experimentamos ao contemplarmos a traxedia humana provocada pola continuada ofensiva israelí contra a poboación palestina en xeral, e contra a súa poboación infantil en particular, evoca a sen-

sación de desesperación e tristura reflectida naquela canción dos anos 1970, "*Where do the children play?*"<sup>7</sup>. Desde o comezo dos ataques de Israel, e segundo un estudo recente de *The Lancet*, a cifra real de vítimas asasinadas directa ou indirectamente, pola privación de auga, alimentos ou atención médica, entre outros recursos e servizos vitais, ascende a máis de 186.000<sup>8</sup>, das cales os/as menores de idade constitúen máis dun terzo<sup>9</sup>. No que atinxe aos ataques na Cisjordania ocupada (incluída Xerusalén Leste), a organización *Defense of Children International* denuncia nun informe público<sup>10</sup> que 20% das crianzas palestinas asasinadas polas forzas armadas e colonos israelís despois do 7 de outubro de 2023 procede deses territorios, acadando 2.000 menores falecidos a un ritmo de aproximadamente unha crianza cada dous días. Ademais, miles de rapazas e rapaces resultaron feridos ou perderon os seus seres queridos, e case un millón deles están desprazados, cuns 17.000 separados ou non acompañados<sup>11</sup>.

Porén, os esforzos por ocultar esta barbarie da ollada pública son numerosos. Un surto de polio na poboación infantil de Gaza foi motivo o pasado 29 de agosto de 2024 para que Gaza e Israel pactasen un cesar-fogo de tres días para facilitar a posta en marcha dunha campaña de vacinación contra a polio<sup>12</sup>. "Pausa humanitaria" é o termo máis empregado polos medios de comunicación de masas para referirse a esa brevíssima tregua<sup>13</sup>. Mais canto de humanitario tivo realmente esa "pausa" se Israel retomou o proceso xenocida con forza xusto despois<sup>14</sup>? Ademais, a verdadeira razón do cesamento ao fogo por parte do bando israelí tampouco puido ser en realidade humanitaria porque, alén do pretendido lavado da imaxe do seu exército, este non só non parou de bombardear e matar durante a suposta pausa<sup>15</sup> senón que podemos deducir que o seu obxectivo principal residía en protexer a poboación infantil *israelí* do conta-

xio, pois resulta difícil crer que, na cúpula dos responsábeis de tamaño destrución e masacre, houbera preocupación polo benestar da poboación infantil palestina *per se*. Claro está que a dor, a perda, o sufrimento e a ferida profunda deixadas en toda unha xeración de crianzas superviventes as perseguirán para sempre, porque a devastación e o dano xa están feitos, afectando a poboación infantil de moitas máis maneiras das que se poden percibir no curto prazo.

## XENOCIDIO / EPISTEMICIDIO

A relatora especial da ONU para os territorios palestinos ocupados, Francesca Albanese, vén avanzando nunha serie de pronunciamentos públicos que o asedio israelí constitúe un amplo proxecto xenocida, definido no dereito internacional como un conxunto específico de actos cometidos coa intención de destruír total ou parcialmente un grupo nacional, étnico, racial ou relixioso<sup>16</sup>. Así entendido, o xenocidio nunca é un acto illado; é todo un proceso. Comeza coa deshumanización, que é, segundo Albanese, un selo distintivo da limpeza étnica, da desposesión, do apartheid, e, en definitiva, do xenocidio, e termina coa aniquilación total ou parcial do mesmo.

Iso, por non contar a destrución case completa das súas comunidades e infraestruturas educativas. Comenta o pedagogo José Luis San Fabián Maroto que ningún sistema educativo pode quedar á marxe do infanticidio e do *escolasticidio* que estamos a presenciar en Palestina<sup>17</sup>. O asasinato, o arresto e a detención de centenaes de docentes, estudantes e persoal non docente é unha constante desta campaña xenocida: ata o 6 de agosto de 2024, morreron 9.317 estudantes e 397 docentes nos territorios asaltados, mentres que máis de 14.614 estudantes e 2.246 docentes resultaron feridos desde o 7 de outubro<sup>18</sup>. A destrución dos propios centros educativos de Gaza é case total:

en torno ao 85% dos edificios educativos están destruídos<sup>19</sup>. As poucas escolas restantes, empregadas como refuxios, foron tamén bombardeadas, xunto con tres Universidades: al-Aqsa, Al Isra e a Islámica de Gaza<sup>20</sup>. Trátase da erradicación da perspectiva palestina en si.

## PALESTINA NON DEBE ENTRAR NAS AULAS?

Sen dúbida esta situación límite está a impactar no seo do profesorado e doutros profesionais do ámbito educativo galego, moitos sectores do cal –xa desde hai anos, mais especialmente nos últimos meses– están a mobilizarse en solidariedade coa Palestina. Educadoras/es e docentes de todo o país queremos expoñer e denunciar, xunto coas nosas respectivas comunidades educativas (crianzas, mocidade, familias e colegas), a gravidade do sufrimento que se está a dar preto de nós.

Desde Educadoras/es pola Paz de NEG, por exemplo, un mes despois do comezo do masacre de Gaza, decidimos denunciálo mediante un primeiro comunicado "[Chamamento a acción educativa en prol da paz e da xustiza en Palestina](#)" para máis tarde emitir outro no Día Escolar da *Nonviolencia* e da Paz, "[30 de xaneiro. Respostas educativas en rede perante as violencias sistémicas](#)".

Nestes textos, dirixidos aos centros educativos, abordamos as raíces supremacistas, coloniais e autoritarias do xenocidio e propuxemos accións educativas que incluían educar no anti-militarismo, nos dereitos humanos, na acollida de familias e crianzas refuxiadas, nos valores recollidos na propia normativa educativa e social, como a *nonviolencia*, a empatía, o respecto ás diferenzas, o civismo, a solidariedade, o anti-racismo, a igualdade perante a lei..., e na comprensión histórica da convivencia xeopolítica nun mundo actual atravesado por unha colonialidade que o polariza arbitrariamente entre Norte e Sur, Occidente e Orien-

te, países ricos e países pobres, e grupos que se cren superiores a outros grupos subordinados.

De feito, varios dos investigadores/as, ensinantes e educadoras/es convidados ao XXXV Encontro Galego-Portugués de Educadoras/es pola Paz, que tivo lugar este ano no Carballiño, abordaron a inmensa inxustiza da devastación perpetrada desde décadas atrás en Palestina, mais tamén lembraron que o activismo da base social ten o seu efecto transformador. Movementos como o TAL'3AT, de feministas palestinas activistas<sup>21</sup>, así como as creacións culturais para apoiar a causa palestina –literatura, poesía, arte na rúa, filmes e documentais<sup>22</sup>, entre outras–, cobran maior visibilidade a través das nosas interaccións educativas con elas. Todas estas iniciativas están a complementar o noso continuado esforzo por compartir proxectos e tecer redes dentro e fóra de Nova Escola Galega. Por poñer un exemplo: o Grupo de Traballo Rede do Rural de NEG está a colaborar co Movemento Mundial da *Nonviolencia* e da Paz, igual que as persoas integrantes do Grupo de Traballo de Educadoras/es polo Paz colaboramos con este e con outros colectivos, entidades e movementos galegos, estatais e internacionais, e desde as nosas respectivas contornas educativas profesionais.

A través deste nexo colaboramos con diferentes colectivos afíns, como o de Docen-

tes con Palestina, que participou na redacción deste texto e que os días 12 de abril e 15 de maio de 2024 convocou o profesorado de todos os centros educativos do sistema non universitario a saír aos seus patios a denunciar o xenocidio na Palestina. O éxito, a unidade e a sororidade/fraternidade internacional dese activismo educativo foi coherente co chamamento da poboación palestina: "Contade o que está acontecer; falade da Palestina". Na convocatoria de maio, grande parte do profesorado participante acudiu aos centros educativos con *kufiya*, e iso a pesar de existiren presións por parte da Consellería de Educación para que aquelas accións non se levasen a cabo. Con carácter recente quixemos chamar a atención da cidadanía coa celebración dunha mesa redonda "*Palestina: o compromiso necesario*" na que contamos coa presenza de persoas vencelladas a colectivos como *Pallas@s en Rebeldía* e *Docentes con Palestina*, e tamén da Universidade da Coruña, no que se analizaron as limitacións e as oportunidades coas que se atopa este traballo nos centros educativos.

No nivel universitario colaboramos con grupos como Sistema Universitario Galego por Palestina (SUGxPalestina), ou co movemento Boicote, Desinvestimento e Sancións (BDS), así como con colectivos das comunidades universitarias que se están a mobilizar para afianzar



medidas nas súas institucións especificamente dirixidas a parar a misión xenocida e epistemicida do réxime de Israel e apoiar o estudantado e profesorado palestinos. Como outro exemplo, o Grupo de Traballo en Igualdade da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña<sup>23</sup> emitiu diversos comunicados desde outubro de 2023, e iniciou o proxecto Todas Somos Palestinas, dedicado a animar ao alumnado e profesorado a co-crear tapices con mensaxes reivindicativas relativas ás mulleres palestinas. Estableceu a rede UDCxPalestina, que vén organizando concentracións cada mércores, así como recitais poéticos, cadeas humanas, colaboracións co estudantado acampado, e reunións co equipo reitoral, entre outras accións de sensibilización e solidariedade académica co pobo palestino. Cómpre recoñecer tamén o fenómeno das acampadas organizadas polo estudantado en moitas universidades do mundo – tamén nas do noso contexto – como xeito de demandar das súas institucións a sensibilidade e as accións correspondentes; nomeadamente a condena do xenocidio sobre o pobo palestino e a ruptura de relacións académicas coas institucións israelís, así como o desenvolvemento de proxectos de colaboración para a reconstrución das infraestruturas educativas palestinas, atendendo á valoración das súas necesidades.

O noso deber como profesionais do ámbito educativo é continuar a traballar co alumnado a historia e o presente da (in)xustiza social en xeral, e en relación a Palestina. Debemos fomentar tamén o compromiso humano co dereito á autodeterminación dos pobos, como o palestino, contra a tentativa dalgúns poderes de non recoñecelo. Non podemos esquecer aquelas palabras de Yasser Arafat no seu discurso do 13 de novembro de 1974 na Sesión Plenaria da Asemblea Xeral da ONU: "Hoxe veño portando unha póla de oliveira na man, e a arma dun loitador pola liberdade na outra. Non deixen que caia da miña man a póla da



oliveira. Repito: non deixen que caia da miña man a póla da oliveira". Cincuenta anos despois, a meirande parte da resistencia palestina continúa apostando pola paz e a oliveira, pese ás continuas agresións sionistas.

Atendendo á normativa internacional en materia educativa, concretamente á Resolución 28 de 2020 da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, debemos lembrar aos Estados membros como España a importancia de cumpriren coa protección do sistema educativo diante dun conflito armado. Tamén é crucial incidirmos na Convención sobre os Dereitos da Infancia, ratificada pola ONU no ano 1990, así como na propia Declaración Universal dos Dereitos Humanos (ONU, 1948). Finalmente, cómpre que abordemos outros dous acordos da ONU que resultan fundamentais para o caso palestino: a Convención para a Prevención e a Sanción do Delito de Xenocidio (1948) e a Declaración sobre a Concesión da Independencia aos Países e Pobos Coloniais (1960).

Estas accións están tendo un impacto positivo, con respostas pro-activas en cada vez máis universidades. Son pingas de esperanza, sinal de que a loita, continuada, está a ter efecto.


Non esquezamos que as institucións internacionais de xustiza tamén xogan un papel cada vez máis destacado neste escenario de dereitos incumpridos<sup>24</sup>, mais as súas sentenzas non resultan suficientemente vinculantes, se

serve de mostra a orde de arresto solicitada o pasado 20 de maio de 2024 polo fiscal do Tribunal Penal Internacional (TPI) da ONU contra o propio primeiro ministro de Israel Benjamin Netanyahu e contra o ministro de defensa Yoav Gallant: foron acusados de crimes internacionais de exterminio, persecución e fame (crimes de guerra), mais non de xenocidio<sup>25</sup>. Tamén foron acusados de crimes de guerra distintos líderes de Hamás, algúns dos cales foron asasinados posteriormente por Israel. No entanto, o Estado de Sudáfrica, que iniciara en decembro de 2023 un procedemento na Corte Internacional de Xustiza (CIX) da ONU contra o Estado de Israel debido ao risco de xenocidio en Gaza, presenta agora perante a CIX outra denuncia da impunidad de Israel e da continuada "aniquilación" de Gaza<sup>26</sup> a pesar de que a CIX emiteira en xaneiro de 2024 medidas de prevención que Israel debía respectar<sup>27</sup>.

Ao final, a propia praxe educativa pode ser a vía máis prometedora para forxar novos camiños cara á paz. Aqueles que na Palestina con-

tinúan a pintar nos taboleiros debaixo dos escombros, aqueles que debuxan unha flor nunha sala de aulas para dar esperanza ás crianzas, son docentes, compañeiras educadoras e educadores, coas que partillamos profesión, compromiso e acción sindical a través de organismos como a Internacional da Educación. E nós non queremos calar, nin mirar para outro lado.

Como docentes, como educadoras, preocupámonos pola educación e formación integral das novas xeracións, que é tamén educación ética, emocional e política. Educarnos para o exercicio dunha cidadanía global esixe actualizarmos o repertorio de reflexións, propostas e recursos que vimos elaborando no camiño da armar a paz desde a educación, porque sabemos que a escola non pode blindarse como se fose un búnker alleo á teimuda e polarizada realidade.



**15 de maio - Día da Nakba**

**ACUDE AO TEU CENTRO CUNHA KUFiYA EN  
SOLIDARIEDADE CO POBO PALESTINO**



**#oensinogalegoconpalestina**

**DOCENTES CON PALESTINA**



## Notas

- 1 Khader, Bichara (2024). Palestina: la tragedia permanente (1947-2024). *FUHEM*. URL: <https://www.fuhem.es/2024/05/16/palestina-la-tragedia-permanente-1947-2024/>. Véxase tamén: Grupo de las Naciones Unidas para el Desarrollo Sostenible (2023, 11 de outubro). "Esta violencia no surge de la nada, sino de 56 años de ocupación: Guterres", en Grupo de las Naciones Unidas para el Desarrollo Sostenible. URL: <https://unsdg.un.org/es/latest/stories/esta-violencia-no-surge-de-la-nada-sino-de-56-años-de-ocupación-guterres>.
- 2 O documental *Hijas de la Nakba* (2020, <https://www.youtube.com/watch?v=Njs-maEXjWg>) recolle varios testemuños dun dos momentos máis violentos da colonización –primeiro británica e logo sionista– da Palestina, así como do seu legado no presente.
- 3 Al Jazeera (2024, 21 de xaneiro). Hamas says October 7 attack was a 'necessary step', admits to 'some faults'. *Al Jazeera*. URL: <https://www.aljazeera.com/news/2024/1/21/hamas-says-october-7-attack-was-a-necessary-step-admits-to-some-faults>.
- 4 Para que unha acción armada se considere como en defensa propia, o dereito de intervención debe cumprir tres principios xerais: necesidade, proporcionalidade e falta doutros medios. Véxase Shiryayev, Yaroslav (2007-2008). The Right of Armed Self-Defense in International Law and Self-Defense Arguments Used in the Second Lebanon War. 3ª Acta Societatis Martensis, pp. 80–97. *Corte Interamericana de Derechos Humanos*. URL: <https://corteidh.or.cr/tablas/r30421.pdf>.
- 5 El Plural TV (2024, 18 set.). Entrevista a Khaldun Almassri, número dos de la Embajada de Palestina. El Plural TV en YouTube. URL: <https://www.youtube.com/watch?v=HYQ9nLrfiV8>
- 6 *Euronews* (2024, 26 de outubro). Israel lanza una oleada de ataques aéreos contra Irán como represalia por el ataque del 1 de octubre. *Euronews*. URL: <https://es.euronews.com/2024/10/26/israel-lanza-una-oleada-de-ataques-aereos-contra-iran-como-represalia>
- 7 Tradución: "Onde xogarán as crianzas?", do álbum *Tea for the Tillerman* (1970) de Cat Stevens, agora chamado Yusuf.
- 8 Guinaldo, Sergio (2024, 8 xullo). De 37.396 a 186.000: por qué un estudio en *The Lancet* cree que la cifra de muertos en Gaza podría ser cinco veces superior. *El Economista.es*. URL: <https://www.economista.es/actualidad/noticias/12901023/07/24/de-37396-a-186000-por-que-un-estudio-en-the-lancet-cree-que-la-cifra-de-muertos-en-gaza-podria-ser-cinco-veces-superior.html>.
- 9 Porcentaxe calculada a partir das cifras proporcionadas pola fonte de noticias Al Jazeera o pasado 15 de agosto. Véxase: Al Jazeera (2024, 15 ago.). Israel kills more than 40,000 Palestinians in Gaza, 16,456 of them children. *Al Jazeera*. URL: <https://www.aljazeera.com/news/2024/8/15/israel-kills-more-than-40000-palestinians-in-gaza-16456-of-them-children>.
- 10 Defense for Children International (2024, 9 set.). Targeting childhood: Palestinian children killed by Israeli forces and settlers in the occupied West Bank. *Defense for Children International*. URL: [https://www.dci-palestine.org/targeting\\_childhood\\_palestinian\\_children\\_killed\\_by\\_israeli\\_forces\\_and\\_settlers\\_in\\_the\\_occupied\\_west\\_bank](https://www.dci-palestine.org/targeting_childhood_palestinian_children_killed_by_israeli_forces_and_settlers_in_the_occupied_west_bank).
- 11 UNICEF (2024, 24 xullo). Children in Gaza need life saving support. No safe place for children as humanitarian crisis deepens. *UNICEF*. URL: <https://www.unicef.org/emergencies/children-gaza-need-lifesaving-support>
- 12 Arciniegas, Yurany (2024, 29 ago.). Israel y Hamás acuerdan tres días de pausa de combates en algunas zonas para vacunación de la polio. *France 24*. URL: <https://www.france24.com/es/medio-oriente/20240829-al-menos-20-gazat%C3%ADes-muertos-en-ataques-israel%C3%ADes-la-onu-prepara-vacunaci%C3%B3n-ante-alarma-por-polio>.
- 13 El País (2024, 30 ago.). "Guerra entre Israel y Gaza: resumen del 30/08/2024". *El País*. URL: <https://elpais.com/internacional/2024-08-30/guerra-entre-israel-y-gaza-en-directo.html>. Véxanse tamén McKernan, Bethan e Tantesh, Malak A. (2024, 5 set.). Cómo vacunar a más de 600.000 niños en medio de una guerra: así avanza la campaña contra la polio en Gaza. *elDiario.es*. URL: [https://www.eldiario.es/internacional/theguardian/vacunar-600-000-ninos-medio-guerra-avanza-campana-polio-gaza\\_1\\_11626250.html](https://www.eldiario.es/internacional/theguardian/vacunar-600-000-ninos-medio-guerra-avanza-campana-polio-gaza_1_11626250.html).
- 14 Pita, Antonio (2024, 30 ago.) El Gobierno israelí respalda la exigencia de Netanyahu de mantener tropas en Gaza tras un alto el fuego. *El País*. URL: <https://elpais.com/internacional/2024-08-30/el-gobierno-israeli-respalda-la-exigencia-de-netanyahu-de-mantener-tropas-en-gaza-tras-un-alto-el-fuego.html>.
- 15 Op. cit.
- 16 Albanese, Francesca (2024, 16 abril). La Universidad ante el Genocidio: Francesca Albanese. *RedUniversitariaPorPalestina en YouTube* (conferencia gravada e publicada en YouTube). URL: [https://www.youtube.com/watch?v=YNmFre\\_i3CI](https://www.youtube.com/watch?v=YNmFre_i3CI).
- 17 San Fabián Maroto, José Luis (2024, 26 de maio). La destrucción del sistema educativo y el desamparo de la infancia en Palestina. *El Salto*. URL: <https://www.elsaltodiario.com/genocidio/destruccion-sistema-educativo-desamparo-infancia-palestina>.
- 18 Office for the Coordination of Humanitarian Affairs – OCHA (2024, 7 de agosto). Gaza Humanitarian Response Update | 22 July-4 August 2024. *OCHA*. URL:



<https://www.unocha.org/publications/report/occupied-palestinian-territory/gaza-humanitarian-response-update-22-july-4-august-2024>

19 Op. cit.

20 San Fabián Maroto, José Luis (2024, 26 de maio). La destrucción del sistema educativo y el desamparo de la infancia en Palestina. *El Salto*. URL: <https://www.elsaltodiario.com/genocidio/destruccion-sistema-educativo-desamparo-infancia-palestina>

21 Véxase a mesa redonda gravada e difundida por Makan (2020): Re-centering Palestinian Liberation and the Tal'3at Movement: Feminism, Anti-Colonialism, and the ongoing Nakba. *YouTube*. URL:

<https://www.youtube.com/watch?app=desktop&v=FisrNKeqll> .

22 Podemos recomendar, por exemplo, o documental *Hijas de la Nakba* (Estela Falastin, VEUS Producciones, 2020), ou o filme *Tantura* (Alon Schwarz, Reel Peak Films, 2022).

23 A seguinte páxina ofrece máis información sobre o grupo e os seus proxectos: <https://rompendoregras.wordpress.com/>.

24 Un repaso dos 30 dereitos humanos recollidos na Declaración Universal de 1948 revela que, en Palestina, non se cumpríu nin un deles.

25 Redacción El Salto (2024, 20 de maio). El fiscal del Tribunal Penal Internacional solicita el arresto de Netanyahu por crímenes de guerra. *El Salto*. URL: <https://www.elsaltodiario.com/israel/tribunal-penal-internacional-ordena-arresto-netanyahu-direccion-amas-crimes-guerra>.

26 Público (2024, 16 de maio). Sudáfrica denuncia ante la Corte Internacional de Justicia la «impunidad» de Israel y la «aniquilación» de Gaza. *Público*. URL: <https://www.publico.es/internacional/sudafrica-denuncia-corte-internacional-justicia-impunidad-israel-y-aniquilacion-gaza.html#analytics-seccion:listado>.

27 Redacción El Salto (2024, 26 de xaneiro). El TIJ exige medidas cautelares para detener el genocidio pero no pide un alto al fuego. *El Salto*. URL: <https://www.elsaltodiario.com/genocidio/tribunal-internacional-justicia-genocidio-israel>.

## PALESTINA: O COMPROMISO NECESARIO



**Mesa redonda**  
**Acceso libre** ata completar  
a capacidade do local

**17  
OUT  
18h**




CON **Miguel Paz Cabo**, profesor, representante de Docentes por Palestina  
**Cathryn Teasley**, profesora, Grupo de Igualdade da Facultade de Ciencias da Educación e UDCxPalestina  
**Iván Prado**, artista e activista de Pallas@s en rebeldía  
Modera **Neves Arza**, profesora da UDC e integrante de NEG

📍 Sede de Nova Escola Galega. Rúa Luis Freire, nº5, baixo. Santiago. + info: [neg@neg.gal](mailto:neg@neg.gal)

Financia	Organiza	Colaboran
		
		 

A NOVANDO APRENDENDO GALEGUIZANDO



**engádeste?**  
engádeste?  
engádeste?



[www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org)

**REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN**  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

**Nova Escola Galega** · Rúa Luís Freire, 5, baixo · 15706 - Santiago de Compostela (A Coruña)  
Tfno./Fax 981.56.25.77 · [www.neg.gal](http://www.neg.gal) ; [neg@neg.gal](mailto:neg@neg.gal)  
Asociación declarada de Utilidade Pública (Orde INT/2335/2008, BOE 5/8/08)